

## SOBRE O GAOS VIOLINISTA POR FLORIAN VLASHI

Ao contrario dos seus compatriotas e grandes violinistas, Gaos non deixou ningunha gravación. Pero pódese imaxinar como tocaba o violín por un vídeo sen son<sup>33</sup> e por todo o seguinte:

### As fotografías



Andrés Gaos en 1955 (81 anos)

---

33 O video ao que fai referencia o autor pódese visionar na web [www.andresgaos.com](http://www.andresgaos.com); tamén as fotos, ás que fai mención no primeiro apartado deste artigo.

Na posición da man dereita nótanse mellor as diferentes escolas do violín. Gaos ten a mesma forma de recoller o arco que Quiroga ou Sarasate. É a escola franco-belga:

1 - VIOTTI (1753-1824) > Baillot (1771-1824) > Danclá (1818-1907)

2 - VIOTTI > Robberechts (1759-1860) > Beriot (1802-1870) > Vieuxtemps (1820-1881) > Ysaÿe (1858-1931)

El estudou en París con Danclá durante o ano 1889-1890, e con Ysaÿe en Bruxelas de 1890 a 1891. Ysaÿe, neste tempo, estaba en xiras por Rusia e logo por Inglaterra e seguramente que traballou pouco con Gaos pero, aínda así, era sen dúbida a máis grande figura do violín do final do século XIX e principios do XX. Menuhin tivo soamente un encontro con el e menciónao nos seus libros como se fose un encontro cun profeta. “...como o seu dedo me ensinou o camiño”.

## O idioma

Menuhin no seu marabilloso libro *A lenda do violín* di algo curioso que te fai pensar: “*A sonoridade dun instrumento reflicte a cor dun idioma. É a imaxe dunha paisaxe sonora onde un pobo evoluciona*”. Pois segurísimo que Galicia tería algo que ver dentro da expresión do son dos nosos violinistas Sarasate, Quiroga e Gaos. Eu, escoitando os CD de Sarasate e Quiroga, estou convencido que Gaos tería algo esencial en común.

## A música

Non pretendo analizar as obras para violín que deixou Gaos pero, como violinista, atrae a miña atención o virtuosismo. (A palabra *virtuosismo* ten como base a palabra *virtude*): é un virtuosismo non baleiro

senón poético, expresivo e... cóntanos algo profundo. Non ten nada en común co “*virtuosismo de circo*” como dicía Debussy.

Para Gaos o virtuosismo *seco* e a música eran dúas cousas ben distintas. Por iso el escribiu en 1899 (con 25 anos!) *100 EJERCICIOS técnico-progresivos para violín*.

Naturalmente ten como referencia os métodos do gran profesor de violín Ottokar Sevcik pero saen os dous libros case contemporaneamente. Sevcik escribiu os seus 10 cadernos entre 1880-1893. Era o pai do “*illamento técnico*”. Eu chamaría os seus exercicios como “*a farmacia do violinista*”. El desenvolveu a dixitación cromática sen a cal non sería doado tocar a música de Ysaÿe, Strauss, Debussy.

## Os violíns

O Concello da Coruña ten na súa posesión dous violíns do Mestre que regalou o fillo de Gaos á cidade. Son:

1 - Alcide GAVATELLI (Bergamo 07-01-1874): alumno de Antoniazzi. Instálase a Bos Aires en 1918. Os seus violíns son copias do Stradivarius.

2 - Emmanuel MOOR (1863-1931): Inventor, pianista, compositor húngaro. Co seu violín experimental recibiu un premio importante. Era o marido de Winifred Christre.

Estes violíns son para nós algo moi importante.

Di Salvatore Accardo: “*O instrumento é a amplificación do son que cada un de nós ten dentro, o son que vén desde o noso corpo. Co tempo o instrumento garda este son “...*

Menuhin conta nas súas memorias que, cando estaba a probar o violín Guarnerius do Gesú de Ysaÿe para compralo, “*estaba a ver*” os dedos do seu mestre todo o tempo...

Eu tiven a sorte de tocar en concerto estes dous violíns de Gaos estreando co Gavatelli a súa *Jota Aragonesa* (O Moor xa levaba 80 anos en silencio) e viñéronme á mente as historias e as fantasmas do pasado... *Escoitei* o son del. A súa voz.

## Conclusión

Sempre me sorprende a falta de interese do noso home para a música contemporánea; era contemporáneo coa Escola de Viena, Debussy, Stravinski, Bartok. Con Ysaÿe non pasou o mesmo.

Dubido que, aínda que el se esforzou en non se hipnotizar por Sarasate (por exemplo, a súa *Sonata* non ten nada que ver co virtuoso pamplonense) o brillo da estrela Sarasate fixo dano ao violinismo español de principio de século. Era cegador. Desá luz non se salvou nin un, nin Quiroga, nin Arbós, nin Monasterio...

Non obstante chamoume moito a atención a súa relación con Maurice Martenot, o creador das famosas Ondas Martenot, un instrumento que foi o inicio da música electrónica no século XX. Gaos fixo a presentación en 1932 das Ondas Martenot, coa participación do seu mesmo creador, en Galicia. Iso faiche pensar que el intuía algo, vía unha gran porta que se abría no S.XX: o *Outro Son*, o son de máquinas, o son eléctrico, das esferas, do universo... como a música de Ligeti ou de Stockhausen.

Iso fascinoulle... e tamén o asustou. Se el escribise unha obra para este instrumento en 1932, doce anos antes de Messiaen, o seu monumento xa estaría feito.

Xa é tarde, Gran Gaos...